

Protocolo de espectáculos ao aire libre de media afluencia (público de pé), para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19



Dirección Xeral de Saúde Pública



Índice

1. Introducción.....	3
2. Obxectivos.....	3
3. Ámbito de actuación.....	3
4. Estratexia para a súa reactivación.....	4
4.1. Indicadores epidemiolóxicos.....	4
4.2. Medidas xerais.....	4
4.3. Características destes eventos.....	5
4.4. Plan de prevención.....	5
4.5. Rexistro de clientes.....	6
4.6. Aforo e características do recinto.....	7
4.7. Sectorización.....	10
4.8. Accesos.....	10
4.9. Uso de máscara.....	11
4.10. Distancia de seguridade.....	12
4.11. Hixiene de mans.....	12
4.12. Aseos.....	13
4.13. Limpezas e desinfeccións.....	13
4.14. Consumo de alimentos e bebida.....	13
4.15. Medidas de prevención e seguridade.....	14
4.16. Medidas ante a sospeita dun caso da covid-19.....	15
5. Vixilancia e control.....	16

Este documento foi elaborado polo persoal da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade e estará en continúa revisión e actualización en función das novas evidencias das que se dispoña sobre o SARS- CoV-2.

(Edición 1: 11 de xuño de 2021)



1. INTRODUCCIÓN

Dende a aparición do coronavirus SARS-CoV-2 en Wuhan (China) en decembro de 2019 dando lugar á pandemia da COVID-19, as autoridades sanitarias adoptaron medidas excepcionais co obxectivo de protexer a saúde e a seguridade da cidadanía, conter o progreso da enfermidade e mitigar o impacto sanitario.

Na actualidade, dispoñemos de vacinas contra a COVID-19 e o obxectivo marcado é alcanzar á maior brevidade unha inmunidade de grupo que permita protexer á poboación da enfermidade e retomar as actividades económicas e sociais.

Polo momento, a reactivación progresiva de eventos e actividades multitudinarias debe acompañarse de medidas preventivas e de control co fin de garantir que se realicen nas máximas condicións de seguridade que diminúan o risco de contaxio e propagación da COVID-19 ata que mellore a situación epidemiolóxica.

Na situación actual e co coñecemento obtido durante este tempo, cómpre revisar as condicións necesarias para o posible restablecemento dos espectáculos musicais.

2. OBXECTIVOS

Este documento ten como obxectivo recoller as medidas sanitarias para iniciar a reactivación dos espectáculos musicais con baile que se celebren ao aire libre.

3. ÁMBITO DE ACTUACIÓN

O ámbito de actuación deste protocolo son os espectáculos musicais con baile que se celebran ao aire libre, como poden ser as verbenas ou concertos cos asistentes de pé.

4. ESTRATEXIA PARA A SÚA REACTIVACIÓN

Este tipo de eventos onde se agrupan un elevado número de persoas que bailan, poden contribuír á transmisión de enfermidades como a COVID-19 se non se toman as medidas oportunas.

A estratexia baséase na aplicación de medidas dirixidas a protexer aos asistentes, reducindo a probabilidade de contaxio da infección polo SARS-CoV-2, mentres non se alcance unha inmunidade de grupo que permita protexer á poboación da enfermidade.

A continuación descríbense as condicións que se terán en conta para a reactivación.

4.1. Indicadores epidemiolóxicos

Para a reactivación debe considerarse a situación epidemiolóxica dos concellos e da Comunidade Autónoma de Galicia, xa que a orixe dos asistentes non está restrinxida a nivel local.

Poderanse realizar este tipo de eventos unicamente nos concellos con nivel de restrición medio-baixa (nivel D) ou inferior e cando as incidencias acumuladas a 7 e 14 días da Comunidade Autónoma de Galicia sexan, respectivamente, o mesmo día do evento, menores a 75 e 150 casos por 100.000 habitantes.

4.2. Medidas xerais

Todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente exixible aos titulares de calquera actividade.

Así mesmo, deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención do COVID-19.

4.3. Características destes eventos

As características destes eventos son:

- Deberán realizarse en espazos acoutados, sectorizados, perfectamente delimitados e pechados, aos que unicamente se poida acceder polos accesos autorizados.
- Cada sector contará cun máximo de 500 asistentes, e este estará repartido homoxeneamente.
- O número máximo de asistentes fixarase en función da situación epidemiolóxica indicada no táboa 1 deste protocolo.
- Deben realizarse ao aire libre.
- Na zona de público non están permitidas as carpas con lonas laterais que impidan a ventilación natural.
- Pódese bailar, sempre con máscara e sen contacto físico (a excepción de conviventes).
- Poderá contemplarse o servizo de comida e bebidas se se realiza en espazos habilitados (que cumprirán as normas de hostalaría e restauración) debidamente dimensionados para o público que reciban. O consumo realizarase fóra da zona de baile. Os organizadores tomarán as precaucións oportunas para evitar a formación de aglomeracións. Os asistentes só poderán quitar a máscara para o momento específico do consumo.
- Non está permitido fumar, consumir outros produtos do tabaco nin consumir cigarros electrónicos na área de público.
- A venda/reserva de entradas será por adiantado, con rexistro previo dos asistentes.

4.4. Plan de prevención

As entidades organizadoras elaborarán planes de prevención, en relación aos espectáculos musicais, que deberán detallar as medidas concretas que se van a adoptar para diminuír os riscos de contaxio da COVID-19.

Este plan debe incluír a seguinte información



- Información xeral (evento, localidade, lugar de celebración, data de celebración)
- Medidas organizativas (accesos, aforos, sectorización, persoal de seguridade, distribución espacial para separar os distintos grupos de convivencia, venda/recollida de entradas por adiantado e rexistro de asistentes)
- Medidas hixiénico-sanitarias (uso de máscara, hixiene de mans, hixiene respiratoria, cumprimento da distancia de seguridade, limpeza e desinfeccións das instalacións)
- Maneira de comunicar aos asistentes as medidas de prevención da infección polo SARS-CoV-2
- Medidas a adoptar ante a sospeita dun caso da COVID-19
- Plan de actuación e evacuación ante unha situación de emerxencia

Este plan poderá ser auditado polos distintos mecanismos de control e auditoría establecidos, para os efectos de seguir o seu correcto cumprimento.

4.5. Rexistro de clientes

Co fin de posibilitar o seguimento de posibles contactos, os responsables deberán levar un rexistro para permitir que a clientela poida achegar os datos de identificación e contacto para facilitar a súa localización polas autoridades sanitarias, cumprindo en todo caso as exixencias derivadas da normativa en materia de protección de datos de carácter persoal. Neste sentido:

1º) No rexistro constarán o nome e apelidos, o número de teléfono dado polo cliente e o sector asignado. Deberá, pois, existir un consentimento do cliente mediante a clara acción afirmativa consistente en proporcionar o número de teléfono de contacto.

2º) O responsable do tratamento relacionado co rexistro será a entidade organizadora.

3º) A entidade organizadora deberá conservar os datos coas debidas garantías durante o prazo de 3 meses, que se considera o estritamente indispensable para cumprir coa finalidade do rexistro. Transcorrido o dito prazo, deberá procederse á supresión dos datos persoais.





4º) Os datos soamente poderán ser tratados para os fins indicados.

5º) Garantirase a confidencialidade dos datos e só poderán ser cedidos ás autoridades sanitarias no caso de detectarse un caso de COVID-19 e coa única finalidade de seguimento de posibles contactos. Esta cesión de datos presentarase en formato dixital editable, non en formato pdf.

4.6. Aforo e características do recinto

- Deberase acoutar o espazo destinado ao evento que estará perfectamente pechado e delimitado a través de valos, barreiras ou calquera outro sistema que impida a entrada o saída do recinto por lugares non autorizados.
- As entradas e saídas do recinto estarán axeitadamente indicadas a través de sinais, carteis ou balizas.
- **O aforo permitido ocupará o 33% da superficie útil do recinto de forma homoxénea, de xeito que cada persoa dispoña de tres metros cadrados deste espazo útil. Establécense unhas capacidades máximas na táboa 1.**

Considérase espazo útil á zona destinada aos asistentes, excluindo o escenario, aseos, espazo de seguridade do palco, espazos para xestionar os supostos casos de COVID-19 e accesos.

- O aforo máximo do espectáculo exporase nun lugar visible.
- A agrupación de persoas quedará limitada ao indicado na normativa vixente, no relativo á limitación da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados.
- Entre os distintos grupos de convivencia deberá existir unha distancia de 1,5 metros en todas as direccións.
- Establecerase unha distribución espacial para separar aos distintos grupos de convivencia, mediante sinais no chan ou marcas similares.
- Recoméndase a sinalización da distancia de seguridade entre as persoas no chan e/ou vertical.





- Cada organizador será responsable das capacidades máximas que declare, así como de controlar en todo momento que o número de persoas autorizadas para o evento, sexan respectadas.
- Deberán establecerse sistemas que permitan o recuento e control da capacidade (pulseiras, contador en continuo,...) de forma que esta non sexa superada en ningún momento.
- Esta información poderá ser auditada polos distintos mecanismos de control e auditoría establecidos, para os efectos de seguir o seu correcto cumprimento. Para tal efecto, a persoa responsable do espectáculo deberá dispor, en soporte físico, da documentación acreditativa das superficies utilizadas para os cálculos das capacidades.
- Poderán celebrarse os espectáculos musicais unicamente cando o mesmo día do evento, o concello estea en nivel medio-baixo de restricións ou inferior. Non obstante, a capacidade máxima do evento estará condicionada polos valores de incidencia acumulada na Comunidade Autónoma de Galicia a 7 e 14 días no momento da súa celebración.

CAPACIDADE MÁXIMA ESPECTÁCULOS AO AIRE LIBRE DE GRAN AFLUENCIA (PÚBLICO DE PE)			
Nivel do concello	Nivel medio-baixo ou inferior		
Incidencia acumulada en Galicia a 7 días (casos por 100.000 habitantes)	≤ 10	>10 e <35	≥ 35 e <75
Incidencia acumulada en Galicia a 14 días (casos por 100.000 habitantes)	≤ 25	>25 e <75	≥ 75 e <150
	Pódese celebrar o evento se se cumpren todos os indicadores epidemiolóxicos e o resto das medidas indicadas, ata un máximo de 5.000 persoas	Pódese celebrar o evento se se cumpren todos os indicadores epidemiolóxicos e o resto das medidas indicadas, ata un máximo de 2.000 persoas	Pódese celebrar o evento se se cumpren epidemiolóxicos- o aforo máximo do 50%, ata un máximo de 1.000 persoas

Táboa 1: Capacidade máxima dos espectáculos ao aire libre co público de pé





- Se o concello está en nivel medio-baixo ou inferior de restricións, a incidencia acumulada na Comunidade Autónoma de Galicia a 7 e 14 días sexa respectivamente menor de 10 e 25 casos por 100.000 habitantes así como que se garanta un aforo máximo do 33% da superficie útil do recinto e cada persoa dispoña dun espazo de 3 m²; **poderá realizarse este tipo de eventos ata un máximo de 5.000 persoas.**
- Se o concello está en nivel medio-baixo ou inferior de restrición, a incidencia acumulada na Comunidade Autónoma de Galicia a 7 e 14 días estea comprendida respectivamente entre 10-35 e 25-75 casos por 100.000 habitantes, así como que se garanta un aforo máximo do 33% da superficie útil do recinto e cada persoa dispoña dun espazo de 3 m²; **poderá realizarse este tipo de eventos ata un máximo de 2.000 persoas.**
- Se o concello está en nivel medio-baixo ou inferior de restrición, a incidencia acumulada na Comunidade Autónoma de Galicia a 7 e 14 días estea comprendida respectivamente entre 35-75 e 75-150 casos por 100.000 habitantes, así como que se garanta un aforo máximo do 33% da superficie útil do recinto e cada persoa dispoña dun espazo de 3 m²; **poderá realizarse este tipo de eventos ata un máximo de 1.000 persoas.**
- **Non se pode realizar o espectáculo musical** se o concello está en nivel de restrición media, alta ou máxima; ou a incidencia acumulada na Comunidade Autónoma de Galicia a 7 e 14 días sexa respectivamente maior de 75 ou de 150 casos por 100.000 habitantes.
- **Poderá haber modalidades mixtas**, con público sentado e de pé, que non superarán en total o aforo do protocolo dos espectáculos con público de pé.

Exemplo de cálculo de aforo:

Verbena nun recinto de 2400 m² dos que 400 m² serán empregados para o escenario, aseos, espazo de seguridade do palco, espazos para xestionar os supostos casos de COVID-19 e accesos.

O concello ten nivel de tipo medio-baixo (D) de restricións. Así mesmo a IA a 14 días en Galicia é de 100 casos e a IA a 7 días en Galicia é de 40 casos.

Pola situación epidemiolóxica, a verbena si se podería celebrar.





A superficie destinada aos asistentes resultante é de 2000 m². Aplicando a ratio de 3 m²/persoa, o número máximo de persoas que poden acudir á verbena sería de 666.

4.7. Sectorización

- O recinto deberá sectorizarse, mediante cintas, valos ou cordóns, sen que exista contacto entre as persoas que permanezan nas distintas zonas.
- Cada sector contará cun máximo de 500 asistentes, e este estará repartido homoxeneamente.
- Cada sector debe ter os seus propios servizos (por exemplo aseos e zonas de servizo de comida e bebida), así como os seus circuítos de entrada, saída e acceso aos aseos.

4.8. Accesos

- Deben estar perfectamente sinalizadas as vías de circulación dende os aparcamentos propios do organizador ata as portas de acceso. Así mesmo, deberán estar perfectamente sinalizadas as vías de circulación dentro do propio recinto.
- O público deberá acceder ao recinto a través de todos os accesos/carrís habilitados.
- Como criterio xeral empregaranse todos os accesos/carrís dispoñibles na instalación co obxectivo de minimizar as aglomeracións de persoas.
- Como criterio específico, establécese un límite de 250 persoas por cada acceso/carril.
- Cada acceso/carril estará perfectamente sinalizado e disporá de persoal de control, garantíndose en todo momento a separación de 1,5 metros entre as persoas e o seu acceso escalado sen aglomeracións.
- Existirá así mesmo, unha separación de 1,5 metros como mínimo entre os diferentes accesos/carrís, que estarán debidamente separados entre eles con cintas, valos ou, cordóns para evitar a interacción entre eles.





- Deberan marcarse no chan, de ser o caso, puntos coas distancias de seguridade para non formarse colas en todos os circuítos (entradas, percorridos e saídas).
- O acceso debe realizarse gardando sempre a distancia de seguridade de como mínimo 1,5 metros.
- Deberá estar prevista a necesidade de persoal de seguridade suficiente e sistemas de control para evitar as aglomeracións que poidan acontecer en todos o accesos e lugares de máxima concorrencia e puntos clave (aparcamentos, entradas, saídas, percorridos intermedios)
- Deberá existir así mesmo, un sistema de vixilancia específico entre a zona de público e as zonas habilitadas para o servizo de comida e bebida e aseos, que supervise o cumprimento da distancia de seguridade nestes desprazamentos así como o uso da máscara.

4.9. Uso de máscara

- O uso de máscara será obrigatorio en todo momento.
- Os responsables do evento deben garantir que o público faga un bo uso desta
- Deberá darse un uso axeitado á máscara, é dicir, esta deberá cubrir desde parte do tabique nasal ata o queixo, incluído, estar perfectamente axustadas e usarse segundo instrucións indicadas polo fabricante. Ademais, a máscara que se debe empregar non deberá estar provista de válvula exhalatoria.
- A obriga de uso de máscara non será exigible nos seguintes supostos:
 - Por parte dos asistentes exclusivamente no momento específico do consumo de comida e bebida.
 - No caso particular de consumo de tabaco ou de cigarros electrónicos na vía pública ou en espazos ao aire libre, incluídas as terrazas, só se poderá exceptuar a obriga de uso de máscara, e exclusivamente durante o indicado consumo, sempre que, tendo en conta a posible concorrencia de persoas e as dimensións do lugar, poida garantirse o mantemento, en todo momento, da distancia de dous metros con outras persoas.





O anterior será aplicable tamén para o uso de calquera dispositivo de inhalación de tabaco, pipas de auga, cachimbas e asimilados.

- Os traballadores deben levala en todo momento e debe recomendarse aos clientes que so llas quiten no momento de consumir alimentos e bebidas.
- Tamén é recomendable que o establecemento dispoña de máscaras a disposición das persoas asistentes para posibles reposicións.

4.10. Distancia de seguridade

- En xeral deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersoal de, polo menos, 1,5 metros.
- Establecerase un espazo de seguridade entre o escenario e o público de polo menos 3 metros.

4.11. Hixiene de mans

- O recinto contará con dispositivos de xel hidroalcohólico ou desinfectantes con actividade viricida debidamente autorizados e rexistrados nos puntos de entrada, saída do recinto, zona de servizos de hostalaría e restauración e aseos.

4.12. Aseos

- A zona de aseos debe estar delimitada e ter unha marxe de separación coa zona onde se realiza o espectáculo.
- Os aseos estarán perfectamente sinalizados para o seu posible uso.
- Debe garantirse que se cumpren nestes espazos, as medidas de distanciamento, hixiene, prevención e o uso adecuado da máscara.
- O número de aseos debe ser proporcional ás persoas que asistan ao espectáculo. Para o seu cálculo seguirase o indicado na norma UNE-EN 16164 (Cabinas sanitarias móbiles non conectadas á rede de saneamento).





Requisitos dos servizos e produtos relacionados co subministro de cabinas e produtos sanitarios).

- Os aseos disporán de papel desbotable, xabón, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa e pedal. Deberá reforzarse a limpeza e desinfección dos referidos espazos garantindo sempre o seu estado de salubridade e hixiene.

4.13. Limpezas e desinfeccións

- Deberase garantir a adecuada limpeza e desinfección das instalacións.
- Nas limpezas e desinfeccións utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recién preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade viricida que se encontran no mercado e debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto se respectarán las indicacións da etiqueta.

4.14. Consumo de alimentos e bebida

- Poderanse habilitar áreas específicas para a venta e consumo de bebida.
- A zona de consumo de alimentos e bebida debe estar acoutada e delimitada e ter unha marxe de separación coa zona onde se realiza o espectáculo.
- Deben ser áreas debidamente dimensionadas para o público que reciban, na que se garanta que non se producen aglomeracións e nas que se deben cumprir as normas dos establecementos de hostalaría e restauración.
- Os asistentes só poderán quitar a máscara para o momento específico do consumo.





4.15. Medidas de prevención e seguridade

No que respecta aos cidadáns, deben estar informados das medidas de prevención da infección polo SARS-CoV-2.

Esta información será trasladada na recollida/venda de entrada, así como se se recordará mediante megafonía e mediante o emprego de cartalaría situada en lugares estratéxicos (entrada principal do recinto, lugares de tránsito, aseos,...).

Incidirase na seguinte información:

- Non acceder ao evento aquelas persoas con síntomas compatibles coa COVID-19, aquelas a las que se lles diagnosticase a enfermidade e que non finalizasen o período de illamento ou as que se atopen en período de corentena domiciliaria por haber ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada da COVID-19
- Obrigatoriedade de uso de máscara
- Obriga de hixiene de mans (aplicación de solucións hidroalcohólicas ao entrar e al saír das dependencias e dos aseos)
- Non está permitido fumar, consumir outros produtos do tabaco nin consumir cigarros electrónicos na área de público
- Poderá contemplarse o servizo de comida e bebidas se se realiza en espazos habilitados (que cumprirán as normas de hostalaría e restauración) debidamente dimensionados para o público que reciban, e o consumo se realiza fora da área destinada ao público. Os organizadores tomarán as precaucións oportunas para evitar a formación de aglomeracións. Os asistentes só poderán quitar a máscara para o momento específico do consumo.
- Pódese bailar, pero sempre con máscara e sen contacto físico (a excepción de conviventes).
- Obrigatoriedade de permanecer na zona delimitada para o grupo de convivencia
- Evitar as aglomeracións e manter sempre a distancia mínima de 1,5 metros entre as persoas en todo momento
- Prestar atención e cumprir a información da cartalaría e dos responsables da seguridade



- Prestar atención e respectar as sinalizacións en canto a distancias de seguridade, sentidos de circulación, localización, espera de quenda, etc.

O persoal da organización deberá garantir que se cumpren as normas de uso do recinto.

4.16. Medidas ante a sospeita dun caso da covid-19

Para xestionar os supostos casos de COVID-19, debe existir un espazo físico delimitado para tal fin.

Cómpre recordar os síntomas máis comúns compatibles coa COVID-19: febre, tose e sensación de falta de aire. Nalgúns casos tamén pode haber diminución do olfacto e o gusto, calafríos, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos.

As medidas xerais serían as seguintes:

- Se alguén iniciase síntomas, retirárase do resto das persoas, e adoptaranse as medidas procedentes para que abandone o evento. A persoa contactará co seu centro de saúde ou co teléfono de referencia 900 400 116. Se persoa é de fora da Comunidade autónoma chamará ao teléfono 881 002 021.
- No caso de percibir que a persoa que inicia síntomas estea nunha situación de gravidade ou teña dificultade para respirar, avisarase ao 061.
- O lugar, de ser o caso, deberá contar con ventilación adecuada, e unha papeleira de pedal con bolsa, onde tirar a máscara e panos que se poidan desbotar.
- Realizar unha boa ventilación, de ser o caso, limpeza e desinfección dos espazos onde estivera a persoa, acorde á situación do risco. Será preciso tamén illar o contedor/papeleira onde se depositaran os panos ou outros produtos usados. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto.

5. VIXILANCIA E CONTROL

Os concellos, no ámbito das súas competencias en materia de control sanitario, deberán vixiar o cumprimento das medidas que se recollen neste protocolo.

Así mesmo, os órganos de inspección da Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, poderán realizar as actividades de inspección e control oportunas para a vixilancia e comprobación do cumprimento das medidas de prevención aplicables.

En calquera caso, poderá suspenderse a celebración de calquera evento que, a xuízo da autoridade competente, poida supoñer un risco de contaxio polas condicións en que se estea desenvolvendo.

Dirección Xeral de Saúde Pública